

## **BASES PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO. ANO 2014**

*O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, axencia municipalista da cooperación galega, ouvido o Consello Municipalista da Cooperación, de acordo co establecido nos seus Estatutos, no III Plan Director da Cooperación Galega, na Declaración de París e nas Liñas Estratéxicas do Fondo Galego 2011-2015, e seguindo as súas liñas básicas de actuación, realiza a seguinte convocatoria dirixida aos axentes de cooperación ao desenvolvemento con presenza real en Galicia, que se rexerá polas seguintes*

### **BASES**

#### **CAPÍTULO PRIMEIRO: OBXECTO DA CONVOCATORIA**

- 1.1 Estas bases teñen como obxectivo a regulación da concesión de subvencións por parte do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (en adiante Fondo Galego), a través do procedemento de concorrencia competitiva, aos axentes de cooperación de carácter non lucrativo con sede ou delegación na Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos de desenvolvemento nos países do sur e unha actividade de sensibilización en Galicia en torno ao proxecto, coa meta de contribuír ao fortalecemento do sistema galego de cooperación e sensibilizar á poboación galega sobre as desigualdades Norte-Sur.
- 1.2 Quedan excluídos desta convocatoria os proxectos de axuda humanitaria e os de carácter asistencial que non poidan asegurar a súa sustentabilidade cando remate o financiamento externo.

#### **CAPÍTULO SEGUNDO: CONDICIÓNS XERAIS DA CONVOCATORIA**

- 2.1 A convocatoria abrírase o 2 de maio e pecharase o 30 de xuño, ambos inclusive. As propostas recibidas despois dese prazo serán desestimadas.
- 2.2 O prazo de execución dos proxectos debe ser como máximo de 12 meses, non podendo ter iniciado antes da publicación desta convocatoria. O período de execución poderá abranguer meses do ano 2014 e 2015.
- 2.3 Os proxectos deberán enviarse por correo certificado ou por mensaxería á sede da Secretaría Técnica do Fondo Galego, que conta co seguinte enderezo: Avda. Joselín, nº7, Portal 3, 4ºB. C.P. 36300. Baiona (Pontevedra). Para calquera dúbida ou consulta poderán dirixirse ao seguinte enderezo electrónico: [acorzo@igadi.org](mailto:acorzo@igadi.org).
- 2.4 O formato de presentación dos proxectos deberá ser o establecido polo Fondo Galego (CAPÍTULO QUINTO).
- 2.5 Cada entidade solicitante poderá presentar un máximo de dous proxectos para financiamento, se ben só se financiará un proxecto por entidade. No caso de que dous proxectos presentados por unha

mesma entidade reciban a valoración necesaria para ser financiados, o Fondo Galego escollerá entre un dos dous. No caso das universidades, a limitación é de dous proxectos por departamento.

- 2.6 Non serán obxecto de avaliación os proxectos presentados por entidades que teñan pendente algún informe da convocatoria do 2012 ou anteriores e que non xustificaran ese retraso de forma clara e suficientemente explícita.
- 2.7 Quedan excluídas de obter financiamento as entidades que recibiron financiamento na convocatoria de proxectos do ano 2013.
- 2.8 O importe máximo da achega por proxecto é de 30.000€.

### **CAPÍTULO TERCEIRO: REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES**

- 3.1 Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento cunha antigüidade mínima de tres anos. As universidades quedan exentas de cumprir este requisito.
- 3.2 Ter como finalidade institucional, recollida nos seus estatutos, a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento e o fomento da solidariedade entre os pobos.
- 3.3 Contar cunha sede social ou delegación permanente en Galicia cunha antigüidade mínima de dous anos.
- 3.4 Contar cunha rede de voluntariado activa e base social en Galicia.
- 3.5 Acreditar experiencia mínima de 2 anos no país e no sector de actuación do proxecto que se presenta.
- 3.6 Non incorrer en ningún dos supostos previstos no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 3.7 Acreditar estrutura suficiente que garanta a xestión técnica e financeira do proxecto e a consecución dos obxectivos esperados.
- 3.8 Contar con parceiros locais solventes e con capacidade operativa, demostrable e suficiente para afrontar a execución do proxecto e que actúe responsablemente na xestión dos recursos financeiros.
- 3.9 No caso das universidades, deberán acreditar a súa integración no Sistema Universitario de Galicia, segundo a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia. Poderán optar a financiamentos os proxectos presentados polos seus departamentos e institutos que realicen actividades en torno á cooperación ao desenvolvemento.

#### **CAPÍTULO CUARTO: REQUISITOS DOS PROXECTOS**

- 4.1 Que non se iniciase a execución do proxecto antes da publicación desta convocatoria.
- 4.2 Os países de execución dos proxectos serán:
- aqueles que teñen o IDH medio (naquelas zonas con bolsas de pobreza que xustifiquen a intervención) ou baixo, procurando priorizar os proxectos desenvolvidos nos Países Menos Adiantados (PMA), segundo a clasificación das Nacións Unidas
  - aqueles cos que tradicionalmente estivo vinculada a cooperación realizada polo Fondo Galego (Cabo Verde, Cuba, Nicaragua e Perú) e os países lusófonos
  - os países prioritarios segundo o III Plan Director da Cooperación Galega (incluído Haití e os territorios saharauís), co fin de garantir a coordinación e concentración xeográfica.
- 4.3 Que os parceiros locais sexan responsables da execución do proxecto e da xestión dos recursos.
- 4.4 Que fomente a participación dos colectivos beneficiarios en todas as fases do proxecto, sen ningún tipo de discriminación, converténdoo en axentes do seu propio desenvolvemento.
- 4.5 Que os seus obxectivos se centren na procura dun desenvolvemento socioeconómico e culturalmente sostible, participativo, endógeno, e que procure a transformación social das realidades dos países empobrecidos, fomentando a equidade de xénero, o respecto medioambiental e contribuíndo de xeito efectivo á loita contra a pobreza e as desigualdades.
- 4.6 Que incorpore de xeito transversal a loita contra a pobreza, o enfoque dos dereitos humanos, o enfoque de xénero e o medioambiental, así como a potenciación da identidade cultural e étnica dos pobos ou grupos perceptores do proxecto, reforzando os valores de equidade e tolerancia e atendendo a sectores dobremente oprimidos como son as mulleres , as nenas e nenos, os grupos étnicos marxinados, etc.
- 4.7 Que non teña como meta a substitución das obrigas do Estado na prestación de servizos públicos.
- 4.8 Que o seu sector de actuación estea vinculado directamente co eido local, como: desenvolvemento institucional, desenvolvemento socioeconómico local, apoio aos procesos de descentralización, fortalecemento da participación cidadá e a gobernabilidade democrática, abastecemento de auga e saneamento, servizos e infraestruturas sociais, xestión medioambiental, seguridade alimentaria, etc., desde a xestión pública e o exercicio dos dereitos humanos, cunha traxectoria que exclúa accións de natureza puntual e desconectadas da dinámica local e contemplando a implicación das autoridades locais, comisións de desenvolvemento local e/ou outros colectivos ou espazos de concertación municipal.
- 4.9 Que as institucións públicas da zona e as diferentes asociacións do grupo beneficiario, se as houberse, apoiem o proxecto.

## CAPÍTULO QUINTO: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA CONVOCATORIA

### 5.1 Modo de presentación:

A documentación relativa á entidade solicitante e ao socio local deberá ser entregada exclusivamente en soporte dixital, separándoa convenientemente en carpetas. Os documentos de formulación técnico e económico deberán entregarse en soporte físico e dixital.

### 5.2 Solicitud de financiamento para o/s proxecto/s presentado/s.

### 5.3 Documentación da entidade solicitante:

- Certificacións relativas a:
  - persoa que exerce a representación legal da entidade
  - que dispón de sede ou delegación permanente en Galicia
  - número de actividades de educación para o desenvolvemento realizadas en Galicia no ano 2013
  - personalidade xurídica do socio local, o domicilio social do mesmo, e os anos de traballo e número de programas ou proxectos en parcería
  - os nomes das persoas que ocupan os cargos que conforman a xunta directiva da organización, co visto e prace da presidencia
- Declaracións da/o representante legal da entidade relativas a:
  - outras axudas solicitadas para o mesmo proxecto, indicando o nome da entidade, a cantidade solicitada e a concesión ou non de dita axuda
  - non incorrer en ningún dos supostos previstos no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
  - compromiso de achegar a diferenza entre o custo total do proxecto e a axuda solicitada, ben directamente ou a través do financiamento de terceiros
- Copia dos estatutos da entidade.
- Copia do Certificado de inscrición no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento e, de ser o caso, do recoñecemento de Entidade de Utilidade Pública por parte do Ministerio de Interior. No caso das universidades, deberán acreditar a súa integración no Sistema Universitario de Galicia, segundo a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia.
- Copia da tarxeta de identificación fiscal.
- Documentación acreditativa de que a entidade se atopa ao corrente das obrigas tributarias ou de calquera outra natureza, segundo o que dispoña a normativa vixente (certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da Concellería de Facenda).

- Memoria de actividades de educación para o desenvolvemento e cooperación para o desenvolvemento correspondente ao ano anterior. Prégase cingirse ás actividades de educación para o desenvolvemento realizadas en Galicia e facer fincapé nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento apoiados con financiamento de entidades públicas ou privadas, ou cos fondos recadados da base asociativa de Galicia, e tamén aos desenvolvidos na mesma zona do proxecto ou noutras zonas pero do mesmo sector de actuación.
- Balance de contas e resultados da última liquidación orzamentaria rendida e aprobada polo órgano competente da entidade, con mención ás fontes de financiamento. As universidades quedan exentas desta obriga.
- Documentación acreditativa de pertenza a redes galegas e espazos de coordinación a nivel estatal e internacional.
- As ONGD deberán presentar unha certificación do número de persoas voluntarias e socias en Galicia no momento de presentar a/s proposta/s.
- As universidades deberán presentar unha certificación, expedida pola persoa que desempeña a representación legal, autorizando a presentación do proxecto á convocatoria, e autorizando o compromiso de gasto que asume a universidade dentro do proxecto.

#### 5.4 Documentación da/s coparte/s:

- Copia do documento no que se recolla o nomeamento da persoa que exerce a representación legal da entidade.
- Certificación relativa a:
  - a composición do órgano de dirección da entidade, indicando os cargos e os nomes das persoas que os ocupan
  - a personalidade xurídica da entidade e o seu domicilio social
- Declaracións da persoa que desempeña a representación legal da entidade relativas a:
  - a vontade de participar no proxecto
  - a vinculación existente entre a entidade e o persoal ao seu servizo
- Copia dos estatutos.
- Copia do número de identificación fiscal ou acreditación da súa constitución legal segundo a normativa propia do país.
- Copia do documento de inscrición no rexistro correspondente.
- Declaración das institucións públicas ou asociacións do grupo beneficiario, se as houber, na que reflectan o seu apoio ao proxecto para o que se solicita financiamento.

- Memoria dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento nos que ten participado nos dous últimos anos, facendo especial fincapé na zona xeográfica e no sector actuación do proxecto presentado.
- Balance de contas e resultados da última liquidación orzamentaria rendida e aprobada polo órgano competente da entidade, con mención ás fontes de financiamento. As universidades quedan exentas desta obriga.

5.4.1 Se o parceiro local é unha administración ou entidade pública:

- Documento oficial no que se manifeste de forma expresa a vontade de participar no proxecto.
- Copia do documento no que se recolla o nomeamento da persoa que exerce a representación legal da entidade ou certificado expedido polo órgano competente.
- Declaracións das asociacións civís que haxa dentro do grupo beneficiario, se as houberse, na que reflectan o seu apoio ao proxecto para o que se solicita financiamento.

5.5 Documento de formulación técnico e económico segundo os formularios establecidos: Ditos formularios poderán ser descargados da páxina web do Fondo Galego [www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org).

5.6 Os documentos de formulación técnica e económica, así como a documentación requirida á entidade solicitante deberá presentarse en lingua galega ou castelá. A documentación relativa ao parceiro local e os anexos ao documento de formulación poderán presentarse en lingua galega, castelá, portuguesa ou inglesa. Para aqueles proxectos a executar nun país de fala distinta deberase achegar a tradución a calquera destas linguas.

5.7 Sobre o orzamento e condicións de financiamento:

- O Fondo Galego asumirá, como máximo, o 80% do custo total do proxecto, que deberá ser completado coa achega do 20% restante, como mínimo, da entidade solicitante, o parceiro local e/ou a poboación beneficiaria, entidades privadas ou outras administracións públicas. A achega do Fondo Galego non superará en ningún caso os 30.000€.
- No caso de que o Fondo Galego non aprobe a totalidade do importe solicitado, a entidade poderá, no seu caso, reformular o orzamento de conformidade coa cantidade outorgada.
- Son custos financiáveis:
  - a) Aqueles custos derivados da execución do proxecto en terreo (custes directos):
    - Terreos e inmobles (inclúe compra ou aluguer de inmobles e só aluguer de terreos). Non se imputarán nesta partida gastos de aluguer ou compra de vivenda do persoal expatriado nin dos locais ou sedes da entidade do norte ou do parceiro local.

- Construción e/ou reforma de inmobles e infraestruturas (inclúe elaboración do proxecto, planos e estudos técnicos, man de obra, dirección de obra, licenza de obras e taxas, materiais de construción e o transporte dos citados materiais). No caso de ser achegada man de obra ligada a estas tarefas polo parceiro local ou a poboación beneficiaria, só se aceptará a súa valoración de estar acreditada de xeito suficiente a prezos de mercado local. Non poderán ser financiados os gastos por reformas ou reparacións na vivenda do persoal expatriado nin en locais ou sedes da entidade beneficiaria ou parceiro local.  
Se se contempla a construción ou compra de infraestruturas comunitarias (educativas, sanitarias, sociais, etc.) a propiedade quedará preferentemente en mans de institucións públicas ou da comunidade, debéndose facer responsables da súa utilización segundo os fins para os que foi construída/adquirida. Haberá que acreditar esta cesión a través de escritura pública.
- Equipos, materiais e subministracións. Considérase equipamento a adquisición de elementos de inmovilizado, distintos a terreos e edificacións, afectos á actividade subvencionada: maquinaria, mobiliario, equipamentos informáticos e outro tipo de equipamento, gastos derivados do envío dos equipamentos, taxas aduaneiras ou portuarias, animais, sementes, transporte dos equipamentos, almacenamento, etc.  
Entrarían tamén dentro desta partida os custos dos materiais funxibles e subministracións precisas para desenvolver actividades planificadas polo proxecto: material de escritorio, materiais de formación, utensilios, etc.  
Valorarase positivamente a adquisición de produtos con certificado de sustentabilidade ou de elaboración artesanal e/ou local, de ser o caso.
- Persoal. Inclúense neste concepto non só os salarios, senón tamén os seguros sociais ou calquera outro seguro que se subscriba a nome do persoal. Serán financiados os gastos relativos ao persoal en sede, sendo este o persoal da entidade galega que presta os seus servizos dende Galicia e que as súas funcións e tarefas están vinculadas ao proxecto para o que se solicita a subvención. A imputación poderá ser total ou parcial en función da dedicación.  
Serán financiados os gastos de persoal local, sendo este aquel persoal do parceiro local ou contratado ao servizo do proxecto sometido á lexislación laboral do país no que se executa o proxecto. Deberá acreditarse documentalmentemente o salario medio para este tipo de contrato do país ou zona onde se execute o proxecto. O Fondo Galego insta a que a entidade solicitante recorra na medida do posible aos recursos humanos locais.  
Serán financiados os gastos do persoal expatriado, sendo aquel persoal da entidade galega sometido a lexislación española que presta os seus servizos no país onde se executa o proxecto e que ten funcións directamente ligadas co mesmo. Para a subvención dos gastos de persoal expatriado aportarase unha memoria xustificativa desa necesidade e marcaranse os criterios de aptitude e cualificación requiridos para a correcta realización da acción, a duración e a descrición das tarefas a realizar.  
O importe máximo aplicado a este concepto non poderá superar o 60% do importe total do proxecto.

- Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de capacitacións, seminarios, diagnósticos, informes, publicacións, control de xestión, identificación, avaliación, auditoría, etc.  
Pertencen a esta partida os gastos derivados de pólizas de seguros de accidentes, enfermidade, responsabilidade civil e dietas relativos ao voluntariado da organización vinculado á realización das actividades.
  - Funcionamento no terreo. Fan referencia aos gastos correntes de funcionamento acaecidos no país de execución e ligados á execución do proxecto. Pertencen a esta partida gastos relativos a electricidade, auga, aluguer de oficinas, comunicacións, papelería, mantemento, limpeza e seguridade. O máximo que se pode imputar a esta partida é do 2% sobre o orzamento total.
  - Viaxes, aloxamento e dietas. Inclúense os gastos vinculados á mobilidade do persoal local e expatriado así como das persoas beneficiarias e do voluntariado local cando sexa necesario para a correcta execución do proxecto. Inclúese nesta partida gastos de combustible, seguros e mantemento de vehículos, gastos de aloxamento e alimentación vinculados directamente coas actividades do proxecto e identificados na formulación do mesmo.
  - Fondo rotatorio. É obxecto de financiamento a cantidade económica que se emprega como empréstitos directos ou en especie ás persoas beneficiarias e que deben ser devoltos nas condicións contractuais que se establezan. Axuntarase o regulamento do funcionamento do fondo. Inclúense gastos de funcionamento, administración e xestión do fondo. Os custos desta partida non poderán ser superiores ao 10% do custe total do proxecto.
  - Gastos bancarios producidos pola conta do proxecto e os gastos bancarios derivados das transferencias de fondos de Galicia ao país de execución, así como os gastos derivados da tradución e compulsa de documentos directamente vinculados ao proxecto.
- b) Aqueles custos derivados da realización dunha actividade de sensibilización en torno ao proxecto en Galicia. Inclúense exclusivamente gastos de:
- aluguer de locais para a realización da actividade (non se inclúe o da propia sede ou delegación da entidade)
  - materiais e subministracións
  - gastos de persoal ao servizo do proxecto (cando estea debidamente motivado)
  - servizos técnicos e profesionais
  - desprazamentos e axudas de custo. Quedan excluídas as viaxes a terreo por parte do persoal remunerado ou voluntario da entidade beneficiaria.

A porcentaxe máxima aplicable é do 15% sobre o total do proxecto.



c) Os custos indirectos do proxecto, entendendo por custos indirectos os gastos propios da entidade solicitante ou do seu socio local, para o sostemento da execución e do seguimento do proxecto en Galicia. A porcentaxe máxima aplicable a este concepto non debe superar o 10% sobre o custe total do proxecto. Os custos indirectos deberán xustificarse con copias compulsadas das facturas orixinais previamente dilixenciadas, ao igual que o resto dos gastos do proxecto.

- **Non serán financiáveis** os custos de identificación, avaliación e auditoría contable, a adquisición de terreos, os gastos derivados das misións de seguimento e avaliación no terreo por parte do persoal remunerado ou voluntario da entidade do norte, xuros, recargas e sancións administrativas e penais, gastos de procedementos xudiciais, gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, agasallos, etc) e as amortizacións de bens inventariables .

- Serán aceptadas as achegas locais sempre que sexan suficientemente acreditadas e estean vinculadas de maneira exclusiva e proporcional ao proxecto. Poden considerarse achegas ao proxecto as valorizacións realizadas sobre:

- Locais, terreos, equipamentos, materiais e servizos prestados desde a comunidade beneficiaria, o socio local ou outra entidade local distinta destas.

- Man de obra de parte da poboación beneficiaria cando ao rematar o proxecto estes equipamentos, terreos ou locais sexan transferidos á mesma.

- Bens ou locais postos temporalmente a disposición da execución directa do proxecto por un importe equivalente ao aluguer destes durante o tempo que sexan utilizados dentro do prazo de execución.

As valorizacións serán acreditadas mediante certificados, ben do parceiro, da poboación beneficiaria ou da entidade que prestara os bens, servizos ou man de obra. En dito certificado debe constar a cuantificación da achega, facendo referencia ao número de unidades, prezos unitarios e valoración total. As valorizacións teñen que axustarse aos prezos de mercado local, e no caso dos equipamentos e bens terase en conta a antigüidade.

- Serán aceptadas valorizacións da entidade solicitante ao proxecto na partida de persoal, sempre que sexan suficientemente acreditadas e estean vinculadas de maneira exclusiva e proporcional ao seguimento e/ou visibilización do proxecto en Galicia.

- Persoal voluntario: deberase presentar unha estimación xustificada das horas de traballo voluntario que se achega ao proxecto e o custo suposto, que non deberá exceder os 20€ por hora. Todo traballo voluntario realizarase baixo a forma de contrato privado, no cal se especifiquen as responsabilidades (deberes e dereitos) de cada unha das partes, destacando o papel da/o voluntaria/o no proxecto. No contrato debe constar o nome, apelidos e DNI da persoa voluntaria e a descrición das funcións que asume.

- Serán aceptadas valorizacións da entidade solicitante para a realización da actividade de

sensibilización suficientemente acreditadas e intrinsecamente vinculadas de maneira exclusiva e proporcional á actividade. Poden considerarse achegas á actividade de sensibilización as valorizacións realizadas sobre:

- Locais para a realización da actividade (non se inclúe a sede ou delegación da entidade)
- Equipamentos, materiais e subministracións directamente adscritos á realización da actividade. Deberase presentar a valorización do achegado, acreditada de forma suficiente a través de facturas, xustificantes de compra ou valorización externa á da entidade solicitante. Os elementos valorizados poderán ter sido adquiridos por motivos diferentes ao proxecto, polo que as facturas e xustificantes de compra poderán ser anteriores a el. Nestes casos, deberase establecer un sistema de depreciación.
- Persoal voluntario: deberase presentar unha estimación xustificada das horas de traballo voluntario que se achega na actividade e o custo suposto, que non deberá exceder os 20€ por hora. Todo traballo voluntario realizarase baixo a forma de contrato privado, no cal se especifiquen as responsabilidades (deberes e dereitos) de cada unha das partes, destacando o papel da/o voluntaria/o no proxecto. No contrato debe constar o nome, apelidos e DNI da persoa voluntaria e a descrición das funcións que asume.

## **CAPÍTULO SEXTO: EXECUCIÓN, SEGUIMIENTO E XUSTIFICACIÓN**

### 6.1 Referente á execución e seguimento do proxecto:

- A entidade solicitante deberá responsabilizarse do correcto uso do financiamento que se conceda, de xeito que, en ningún caso, poderá desviarse a outra finalidade.
- A entidade será a responsable da execución do proxecto subvencionado e de garantir o seu seguimento e control, debendo xustificar ao Fondo Galego o traballo realizado.
- O Fondo Galego reservase o dereito de levar a cabo unha misión de seguimento e avaliación sobre o terreo en calquera fase da execución do proxecto.
- A actividade de cooperación ao desenvolvemento deberá ser realizada na Comunidade Autónoma de Galicia e en lingua galega. Así mesmo, deberase empregar o galego para facer difusión da mesma, calquera que sexa o soporte, facendo mención ao financiamento do Fondo Galego.
- Calquera cambio substancial que se produza no proxecto comunicarse por escrito ao Fondo Galego, quen responderá de igual maneira para comunicar a súa aprobación ou denegación. Enténdese por modificación substancial aquela que afecta aos obxectivos formulados ao inicio do proxecto, a variación total nas partidas orzamentarias de máis dun 20% do orzamento aprobado e modificacións no tempo de execución superior a 3 meses. O Fondo Galego deberá pronunciarse no prazo máximo dun mes sobre a aceptación ou denegación das modificacións.

## 6.2 Referente á xustificación do proxecto:

6.2.1 A entidade que reciba financiamento deberá presentar a seguinte documentación para xustificar a súa execución:

- Un informe de seguimento para os proxectos de máis de 6 meses de duración, que incluírá unha memoria técnica e económica da marcha do proxecto segundo os formularios establecidos. Será entregado no prazo dun mes tras cumprirse a metade do prazo de execución do proxecto. Este informe deberá achegarse en soporte dixital e físico. Así mesmo, achegaranse só en soporte dixital fotografías da execución das actividades planificadas para este período así coma outras fontes de verificación. A documentación anexa ao informe técnico que dá conta da realización das actividades deberá presentarse en lingua galega, castelá, portuguesa ou inglesa. No caso de que o proxecto aprobado sexa executado nun país ou zona con lingua distinta a estas, deberase proceder á tradución a algunha destas linguas para poder ser valorados. Non será necesario neste informe achegar o listado de facturas e as facturas correspondentes a este período.
- Un informe final, que incluírá unha memoria técnica e económica da execución do proxecto, así como das actividades de sensibilización e difusión que se levaran a cabo en relación co mesmo, seguindo o formulario facilitado polo Fondo Galego. O prazo para a presentación do informe é de dous meses despois da finalización do proxecto. O informe final deberá achegarse en soporte dixital (excepto as facturas) e físico. Así mesmo, achegaranse só en soporte dixital fotografías do proxecto así coma outras fontes de verificación. As facturas e as fontes de verificación deberán presentarse en lingua galega, castelá, portuguesa ou inglesa. No caso de que o proxecto aprobado sexa executado nun país ou zona con lingua distinta a estas, deberase proceder á tradución destes documentos a algunha destas linguas. Documentación a entregar:
  - Declaración da persoa que desempeñe o papel de representante legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos aos fins previstos.
  - Informe técnico final do proxecto (segundo formulario).
  - Informe económico final do proxecto (segundo formulario).
  - Certificado de gastos polo importe total do proxecto, distribuído por partidas orzamentarias e no que se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinado pola persoa que ostente a representación da entidade beneficiaria.
  - Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data, número da factura, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento, descrición do gasto, o seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros (segundo modelo facilitado).
  - Copias compulsadas das facturas orixinais previamente dilixenciadas polo total dos gastos do proxecto. Tamén poderán ser utilizados, en casos nos que sexa imposible obter factura, os recibos de caixa nos que conste o nome da entidade beneficiaria, o importe, o nome e apelidos da persoa que presta o servizo e o concepto de gasto, ao

que deberá sumarse a sinatura da persoa que presta o servizo.

- Certificados, cando sexa o caso, das achegas valorizadas ao proxecto de parte do parceiro, comunidade beneficiaria ou outras entidades locais que participen no mesmo coa cesión de bens, materiais ou servizos.
- Cando existan xustificantes de gastos redactados nun idioma distinto do galego, castelá, portugués ou inglés deberán ser traducidos a algunha destas linguas.

## **CAPÍTULO SÉPTIMO: CRITERIOS DE VALORACIÓN**

7.1 A valoración das propostas contempla unha análise exhaustiva da capacidade da entidade solicitante e do parceiro local, da calidade técnica do proxecto presentado, así coma da experiencia, traxectoria e capacidade de difusión e impacto en accións de sensibilización. Só serán avaliadas aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos expostos nas presentes Bases.

7.2 A non entrega da documentación requirida sobre a entidade solicitante ou a entidade local implica unha repercusión na valoración da solicitude nos apartados correspondentes, que será máis ou menos significativa dependendo do número de documentos que falten por entregar. Serán excluídos para a súa valoración aquelas propostas recibidas en modelo distinto do establecido para esta convocatoria, así como aquelas que presenten manipulacións nos formularios dispostos.

7.3 A valoración dos proxectos realizarase en relación a:

a) Aspectos xerais: ata 2 puntos

- Entrega da proposta en lingua galega e emprego da lingua galega na actividade de sensibilización, así como na difusión do proxecto e da actividade de sensibilización: Máximo 1 punto.
- Entrega da documentación completa e correcta no prazo establecido: Máximo 1 punto.

b) Sobre a entidade solicitante: ata 15 puntos

- Presenza real en Galicia (baseándonos en número de actividades de educación para o desenvolvemento realizadas no ano anterior, no número de persoas socias e voluntarias, se procede, no momento de presentación da solicitude e na presenza en redes galegas e espazos de coordinación a nivel estatal e internacional): Máximo 5 puntos.
- Presenza de mulleres nos postos directivos da organización. Esta deberá ser dun mínimo dun 30% para ser valorada: Máximo 3 puntos.
- Experiencia en accións de cooperación ao desenvolvemento no mesmo sector e zona xeográfica de actuación. Máximo 3 puntos.
- Experiencia de traballo co socio local: Máximo 1 punto.
- Achea financeira da entidade solicitante ao proxecto. Esta deberá ser dun mínimo dun 5% para ser puntuada. Máximo 3 puntos.

c) Sobre o socio local: ata 15 puntos.

- Experiencia en xestión de proxectos de desenvolvemento na área xeográfica e sector de actuación do proxecto. Máximo 4 puntos.
  - Presenza de mulleres nos postos directivos da organización. Esta deberá ser dun mínimo dun 30% para ser valorada: Máximo 3 puntos.
  - O parceiro local é tamén socio estratéxico do Fondo Galego (INPRHU-Somoto en Nicaragua, Oficina del Conservador ou Municipalidade de Santiago de Cuba en Cuba, Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos (ANMCV) ou algunha das Cámaras Municipais de Cabo Verde): Máximo 2 puntos.
  - Participación no proxecto doutras organizacións ou institucións locais: Máximo 3 puntos.
  - Achega financeira do socio local ao proxecto. Esta deberá ser dun mínimo dun 5% para ser puntuada. Máximo: Máximo 3 puntos.
- d) Sobre o proxecto: ata 52 puntos.
- Área xeográfica: Máximo 5 puntos.
    - Que se desenvolva nalgún dos países prioritarios segundo o III Plan Director da Cooperación Galega: Máximo 1 punto.
    - Que se desenvolva nalgún dos Países menos adiantados (PMA) segundo a clasificación da ONU: Máximo 1 punto.
    - Que se desenvolva nalgún dos países prioritarios para o Fondo Galego (Cabo Verde, Nicaragua, Cuba e Perú) ou nun país de fala lusófona: Máximo 3 puntos.
  - Pertinencia do proxecto con atención ao país e zona concreta no que se vai desenvolver, ao contexto, ás características que lle son propias ao colectivo beneficiario, aos antecedentes e á xustificación da proposta: Máximo 5 puntos.
  - Coherencia dos obxectivos e resultados coas accións propostas e coa problemática presentada: Máximo 5 puntos.
  - Que o colectivo beneficiario sexa suficientemente contextualizado e desagregado por sexos, que se indiquen os criterios de selección do mesmo e que fomente a súa participación en todas as fases do proxecto, sen ningún tipo de discriminación, facendo especial fincapé na participación das mulleres, impulsándoas/os a ser axentes do seu propio desenvolvemento: Máximo 5 puntos.
  - Accións que se van a desenvolver e prazos de execución: Máximo ata 1 puntos.
  - Inclusión no proxecto das estratexias e obxectivos de desenvolvemento públicos da zona, existencia de sinerxías coa/s administración/s pública local e nivel de participación da/s mesma/s no proxecto: Máximo 5 puntos.
  - Coherencia das partidas orzamentarias cos obxectivos do proxecto: Máximo 5 puntos.
  - Recursos humanos e técnicos adecuados para o correcto desenvolvemento do proxecto: Máximo 3 puntos.

- Viabilidade e sustentabilidade do proxecto: Máximo 5 puntos
  - Aplicación do enfoque de xénero: Máximo 5 puntos.
  - Aplicación do enfoque medioambiental: Máximo 4 puntos.
  - Formas de seguimento, control e avaliación previstos para o proxecto: Máximo 2 puntos.
  - Visibilización do proxecto en Galicia e do financiamento do Fondo Galego: Máximo 2 puntos.
- e) Actividade de sensibilización e difusión do proxecto en Galicia: ata 16 puntos.
- Capacidade da entidade solicitante para desenvolver a actividade de sensibilización con éxito. Grao de experiencia: Máximo 3 puntos.
  - Ámbito de execución: Máximo 5 puntos.
    - Concellos ou Deputacións socias do Fondo Galego: Máximo 3 puntos.
    - Concellos ou Deputacións socias do Fondo Galego con menos de 50.000 habitantes ou situados no medio rural: Máximo 2 puntos.
  - Descrición do colectivo destinatario: Máximo 2 puntos.
  - Descrición da actividade proposta, das datas de realización e a metodoloxía que se vai empregar: Máximo 3 puntos.
  - Adecuación dos recursos materiais, humanos e técnicos que se van empregar: Máximo 2 puntos.
  - Visibilización da actividade en Galicia e do financiamento do Fondo Galego: Máximo 1 punto.

A puntuación que poderá acadar un proxecto é, como máximo, de 100 puntos. Para que un proxecto sexa financiado deberá acadar un mínimo do 50% nos apartados b, c, d e e.

## **CAPÍTULO OITAVO: AVALIACIÓN, SELECCIÓN E PUBLICACIÓN**

8.1 O proceso de avaliación e selección das propostas a financiar consta das seguintes fases:

- A secretaría técnica do Fondo Galego realiza a avaliación técnica das propostas recibidas en base aos requirimentos da propia convocatoria. Esta avaliación é puramente obxectiva e o obxectivo da mesma é ORIENTAR no proceso de selección das propostas.
- Á par, os proxectos recibidos serán revisados pola Comisión técnica avaliadora, constituída por representantes de diferentes deputacións e/ou concellos socios do Fondo Galego. A Comisión técnica avaliadora revisa a documentación primeiro de forma individual para posteriormente reunirse de xeito presencial, co obxectivo de resolver dúbidas, comentar impresións e controlar e supervisar as valoracións técnicas acadadas polas propostas presentadas. A Comisión técnica

avaliadora PROPÓN os proxectos a financiar en base ás liñas estratéxicas do Fondo Galego e ás peculiaridades desta rede municipalista, podendo ter en conta en maior ou menor medida as puntuacións acadadas na avaliación dos proxectos. A proposta acordada é remitida á Comisión executiva do Fondo Galego.

- A Comisión executiva do Fondo Galego DECIDE cales son os proxectos que serán finalmente propostos para financiamento perante a Asemblea Xeral de socios, órgano soberano da asociación, en base á avaliación técnica, ás observacións da Comisión avaliadora, ás peculiaridades da cooperación municipalista en Galicia e ás liñas estratéxicas do Fondo Galego.
- Por último, a Asemblea Xeral, RESOLVE os proxectos que serán financiados.
- Unha vez aprobada a resolución pola Asemblea Xeral do Fondo Galego, a entidade beneficiaria deberá aceptar expresamente a axuda e as condicións establecidas nestas bases no prazo de 15 días transcorridos dende que a entidade solicitante reciba a comunicación de concesión da axuda.

8.2 A resolución publicarase xunto co listado de puntuacións dos proxectos presentados nas páxinas web do Fondo Galego, [www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org) e da Federación Galega de Municipios e Provincias, [www.fegamp.org](http://www.fegamp.org).

8.3 As entidades que presentaran proxectos non aprobados disporán dun prazo de un mes para retirar a documentación presentada, transcorrido o cal o Fondo Galego poderá proceder á súa destrución. Así mesmo, teñen dereito a recibir información sobre os motivos polos que a súa proposta non foi seleccionada. O prazo para solicitar esta información é de un mes dende o momento no que se faga pública a resolución na páxina web do Fondo Galego.

8.4 Asinarase un convenio entre a entidade beneficiaria e o Fondo Galego, onde quedarán recollidos os dereitos e deberes das dúas partes. A distribución da achega dependerá da duración do proxecto e da cantidade solicitada, de xeito que:

- Os proxectos iguais ou inferiores aos 6 meses de execución recibirán o 70% ao inicio do proxecto, e o restante 30% unha vez aprobado o informe final.
- Os proxectos de máis de 6 meses de execución recibirán o 50% da achega ao inicio do proxecto, o 25% unha vez aprobado o informe intermedio e o restante 25% unha vez aprobado o informe final.
- Os proxectos aprobados para os que se solicite un máximo de 10.000€ recibirán a achega ao inicio do proxecto nun único pagamento.

A partir da sinatura do convenio o Fondo Galego disporá dun mes para facer efectivo o primeiro pago do proxecto. En todo caso, a entidade deberá presentar as memorias xustificativas nos prazos previstos nas presentes Bases.